



Na escritura de partillas de Igrexas e bens, feita entre o Rdo. Bispo e V.e Cabido de Tui en 1º de Decembro do ano 1156, xa se fai mencion desta parroquia co mesmo nome e Patrón que ten hoxe. O Rei Dn. Alonso 9º de León, no ano de 1206, deu ao Bispo de Tui canto tiña nela, e volveullo confirmar despois no de 1228. Venera por Patrón tutelar a Sn. Vicente Mártir, natural da cidade de Huesca en Aragón, e martirizado na de Valencia, a quen lle celebran a festa aquí no seu día propio, 22 de Xaneiro. Consta a súa poboación de 51 veciños, que están suxeitos polo contencioso ao Xuíz de Tui, e polo político e gobernativo ao de Salceda. Valen os seus décimos 7.500 reais anuais, que antes e desde tempos antigos, disfrutaba un cóengo da Catedral desta Cidade, deixando unha moi corta porción ao Párroco; pero por Auto dado polo Provisor e Gobernador do Bispado, en 20 de Agosto de 1794, en vista do expediente formado, agregou para sempre a este todos os décimos e froitos da indicada parroquia, desmembrándoos do tal Canonicato de Tui; e por Real Cédula auxiliatoria da Súa Maxestade, de data de 18 de Setembro de 1799, mandouse gardar e cumprir o citado Auto. E como daquela non tivese efecto esta determinación, a Súa Maxestade volveu mandar se executase debidamente o alí ordenado, cuxa Rl. Resolución publicouse na Rl. Cámara o 30 de Abril de 1832, e comunicouse ao Sr. Bispo con data de 9 de Maio do mesmo ano. E desde entón o Abade de Soutelo goza todos os décimos e froitos da súa parroquia; ademais ten Casa Reitoral e lugar unido a ela de 3 ferrados en semente, e percibe de renda foral cada ano 9 ferrados de trigo, 11 de centeo, 15 de miúdo e 3 galiñas. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados de trigo e 7 de millo. Paga o Párroco de pensión anual ao Cabido Catedral de Tui 15 ferrados de centeo e 30 de miúdo. O Beneficio Curado é de presentación Real Ordinaria. Foi natural desta parroquia o Amo. P. Mestre frei Esteban de Soutelo, relixioso Dominicano, fillo de hábito do Convento de Sto. Domingo de Tui, quen obtivo varios empregos e destinos na súa Relixión ata que ultimamente ascendeu nela a Provincial dos Reinos de Castela. Atopábase nesa Prelacia nos anos de 1449, 1453 e 1454. Dista Soutelo da Capital media legua curta." (Ávila y La Cueva, 313-314).



SAN VICENTE

Igrexa parroquial

Esta parroquia atopámola xa citada en documentos do século XII, na partilla de Igrexas e bens feita entre o bispo de Tui e o cabido catedralicio o 1 de decembro 1156 onde se fai mención da mesma co santo patrón que aínda ten: S. Vicente.

Posteriormente o rei don Alonso IX doa no ano 1206 ao bispo D. Suero todo canto ten nela, como tamén o coto de Paramos, cousa que volveu a confirmar en 1228 sendo bispo de Tui D. Estevo Egea.

Pertenceu ata o ano 1832 ao Cabido Catedralicio de Tui, no que o côengo que tiña esta prebenda nomeaba abade á súa costa. O 9 de maio dese ano comunicóuselle ao Bispo a resolución do Rei, que estaba mandada en 1799 e non se levava a cabo, de desmembrala da mesma.

Sufriu distintas reformas nos últimos anos, pero conserva trazas románicas en canto á proporcionalidade e o arco triunfal.

A **fachada principal (240)**, no oeste, preséntase con gran sinxeleza, cunha porta alintelada no centro e con acodos nas esquinas superiores.

Enriba dela hai unha ventá en media circunferencia.

Remata cunha cornixa moldurada ata a base da espadana. Esta presenta dous ocos de arco de medio punto moldurados na parte superior. Remata nunha cornixa superior

con pináculos nos extremos, e no centro unha base para a cruz de pedra de arestas moi rebaixadas.

A cornixa moldurada percorre os paramentos laterais da nave e, facendo un pequeno quebro, únese coa da capela maior.

Na parte final da nave ten unha pequena ventá rectangular coas arestas rebaixadas a modo de derrame externo. No paramento sur ten outra porta de acceso con arco e arestas rebaixadas.

A sancristía está adosada á última parte da nave e á capela maior neste lado sur. É mais baixa, con cornixa en todo o perímetro. Remata con capias e cruz de remate. O tellado é a dúas augas, igual que o da igrexa.



Na parede leste da sancristía, nunha pedra que se ve aproveitada, ten gravado o **pentáculo (243)**, a estrela de cinco puntas que na idade media usábase como signo persoal, pero posteriormente, nos séculos XVII-XVIII, pasou a ter un significado profiláctico, de protección, para evitar males. Moitas veces situábase xunto as portas e ventás. No esoterismo inscribiuse nunha circunferencia e chámalle o selo de Salomón ou, noutros casos, estrela co coñecemento.



A capela maior, de planta cadrada, ten no lado sur unha gran ventá moldurada de derrame interno para dar luz o altar. Para compesar as forzas, os paramentos dela vense recrecidos, máis potente na base, e despois ata o centro da parede.

Tanto as paredes da nave coma as da capela maior presentan ao exterior moi boa cantería.

No **interior (242)** da nave ten o piso de terrazo e as paredes de pedra. Xa teñen unha cantería inferior, pois estaban pensadas para seren enfuscadas e pintadas.

A teitume é de madeira á dúas augas.

O arco triunfal apoia en impostas con bolas. É de medio punto e coas arestas rebaixadas.

Accédese ao presbiterio cun chanzo. O piso é de pedra como as paredes, pero estas, igual que as da nave, deberían estar enfuscadas e pintadas. A teitume é de madeira e preséntase a catro augas.

No paramento leste, onde en tempos estivo o retablo maior, ten no centro o Sagrario sobre unha columna de pedra. Enriba del un Crucifixo e nos lados, sobre peañas de pedra, o **Patrón (241)** e a Virxe do Rosario. (Esta imaxe era unha talla de madeira, que para poder facela de vestir tivérona que reformar).

Aos lados do Sagrario, sobre pequenas peañas de madeira, hai dúas pequenas imaxes: S. Roque e **Sta. Lucía (244)**.

Nos paramentos laterais da capela maior, sobre peañas de madeira, dúas en cada paramento, outra imaxes, de distintas catalogacións, algunhas moi interesantes, pola súa talla, como a da **Inmaculada (245)**.





Temos coñecemento do retablo maior desta parroquia polos documentos de contrata. O día un de febreiro do ano 1754, o côengo de Tui D. Xoán Francisco de la Campa, que gozaba da prebenda da parroquia de Soutelo, contrata ante notario con Francisco Aballe a construción dun retablo de castaño, pñndolle como condición que tivese certa talla, con catro fornelas para catro imaxes, e que o rematara no período de dous meses. O custo do mesmo sería de 600 reais, facendo unha entrega a conta de 500 reais e o resto pagadoiro ao finalizar a obra.

O mesmo côengo fai outro contrato, tamén ante notario, na data 16 de outubro de 1768, co pintor Rodrigo Rouco e Sanromán para que pinte este mesmo retablo pola cantidade de 850 reais. O pintor encárgase dos materiais pola súa conta, e o côengo faille un adianto de 400 reais.

Por este último contrato sabemos que tiña moitas molduras, columnas salomónicas, xa que fala de follas de parra, acios e paxaros. Tamén lle pide “xaspeados” nas zonas planas.

Tamén houbo un retablo de **Ánimas** (247) e outro adicado á Virxe do Rosario na nave.

As imaxes que ocupaban estes retablos son as que na actualidade se conservan en distintas peañas de pedra na nave, como o **Sto. Antonio de Padua (246)**.

Outras están nas de madeira da capela maior ou na sancristía, como **S. Brais e S. Martiño (248)**.

O **ambón (249)** esta feito cunha pedra que era parte dun púlpito, igual que na igrexa de Paramos. Son dúas pezas continuas.

Neste os elementos da Paixón que se representan son a lanza e o Cáliz.

A **cruz parroquial (250)**, de prata, dátase no século XVIII.

Remata os seus brazos de forma trilobulada. Adorna toda a súa superficie cun relevo de follas



248



249



250



251



formando figuras xeométricas, e no extremo dos brazos por unha flor de catro follas e botón.

No cuarteirón central forma un espello. No anverso deste está gravado o anagrama de Xesús e no do reverso en **relevo a figura de S. Vicente (251)**.

A macolla presenta un corpo de cubo central con media esfera superior e inferior.

Na parte inferior hai catro cabezas de anxos e uns adornos florais que sustentan catro campaiñas.

Nas esquinas do corpo central para rebaixar as arestas adórnaas con pilastras. Nas caras ten espellos centrais co relevo dos catro evanxelistas e adornos de follaxe.

Tanto na parte superior coma inferior do corpo ten unha filigrana circundándoa, e na parte superior pequenos pináculos de bola esquinais.

No lado sur da igrexa, no adro, está a antiga **pía bautismal románica (252)**.

Fáltalle o pé, pero pódese observar perfectamente a súa forma de copa ou cáliz.

A súa labra consiste en tres círculos: un na parte inferior, outro un pouco máis alto e outro na parte superior. O círculo no románico é un símbolo que trata de representar a totalidade.

Os círculos únense entre si por unha labra similar que divide a superficie de entre eles en tres partes. Outra vez atopamos o número tres, que pode ter diversas connotacións, pero aquí débese interpretar coma un símbolo da Trindade.

A división polo medio da copa tamén pode facer referencia aos dous mundos: o superior, celestial, e o inferior, o terreo. Polo bautismo ascendemos deste mundo terreo ao mundo de Deus.

Preto da igrexa atopamos un **cruceiro** (253) que foi trasladado a este lugar, pois anteriormente estaba máis arriba no monte.

Sobre dous chanzos de pedra está un peso de lagar en posición invertida facendo de base para o varal cadrado e de arestas moi rebaixadas. Pódese apreciar que este fuste foi colocado do revés porque no remate é cadrado e conserva unhas letras invertidas dunha antiga inscrición.

Mesmo sobre o varal e sen capitel está a cruz, de bo tamaño, cos remates dos brazos abertos, e tamén con arestas. Sobre ela, o relevo do Cristo morto e con tres cravos.

Hai unha capela particular no barrio do Casal dedicada a **S. Liborio** (254)

FESTAS E ROMAXES DE SOUTELO

- San Vicente: 22 de xaneiro.
- San Liborio: último domingo de xuño.

